

# SONIDOSMANS SALAS

CONCURSO DE BANDAS

**BASES DO CONCURSO 2024**



Deputación  
DA CORUÑA



PAIDEIA  
galiza fundación



ESTUDIOS MANS

## **BASES DO PROGRAMA SONIDOS MANS SALAS 2024**

### **CONCURSO DE BANDAS EMERXENTES**

A **Fundación Paideia Galiza**, titular de **Estudios MANS**, (no sucesivo, a Organización), no marco do Programa de actividades culturais da Excmá Deputación Provincial da Coruña, convoca o **PROGRAMA SONIDOS MANS SALAS 2024: Concurso de bandas emerxentes** (anteriormente chamado OUTRA+OUTRA) para a financiación dun programa de actuacións e gravacións dirixido aos grupos e/ou músicos noveis, sen obra editada, co obxectivo de fomentar o desenvolvemento de valores artísticos emerxentes de Galicia, apoiando o traballo de grupos e solistas co fin de facilitar a súa participación nos circuitos profesionais e súa promoción discográfica (no sucesivo, o Programa).

O Programa **SONIDOS MANS SALAS 2024** rexeráse polas seguintes bases:

#### **1. PARTICIPANTES**

Poderán ser participantes os grupos e/ou solistas, cuxos integrantes sexan maiores de idade, e residentes en Galicia.

Non poderán participar os membros do equipo técnico da Organización, nin persoas ou grupos vinculados cos membros do xurado do Programa, así como grupos ou artistas que foran premiados en anteriores convocatorias do Programa.

Tampouco poderán participar grupos ou solistas que tiveran editado e/ou distribuído comercialmente calquera traballo musical. Aos efectos deste programa, non se incumpre este requisito no caso de traballos discográficos autofinanciados, nin aqueles que foran editados ou distribuídos sen subscribir contrato de edición e/ou distribución a través de selo discográfico e/ou produtoras ou distribuidoras.

## 2. REXISTRO E SUBIDA DE MAQUETAS

Cada grupo ou solista participante deberá presentar un tema orixinal mediante a plataforma **Soundcloud**, copiando o seu *iframe* no formulario de inscrición facilitado na páxina web <https://salas.sonidosmans.com>

O tema non deberá aparecer como privado para a correcta escoita por parte do xurado. Non se aceptarán ligazóns a outras plataformas tales como YouTube, Spotify, Bandcamp, etc.

A convocatoria está aberta a **traballos de calquera estilo musical**.

Os temas presentados **deberán ser orixinais en letra e música**, e non se admitirán temas xa editados segundo o criterio indicado anteriormente.

No caso de presentar un tema dunha banda integrada por varias persoas, só poderá presentala a concurso unha delas, que será a representante do grupo. Igualmente, só se admitirá un tema por solista ou grupo. No caso de tratarse dunha banda, deberán informar á Organización dos seus integrantes e os instrumentos que tocan ou voz que inclúe. Só se permitirá o cambio de integrantes do grupo por causa de forza maior debidamente xustificada.

De igual maneira, se o tema inclúe unha colaboración, o/a artista convidado/a deberá participar en todas as fases do concurso como un/unha integrante máis da formación.

A presentación dos temas poderá realizarse dende **o 1 de xullo ás 12:00 pm ata ás 12:00 pm do 24 de xullo de 2024**, segundo á hora do servidor.

Non será aceptada ningunha maqueta enviada fóra de prazo.

O **prazo de subsanación** para posibles incidencias na inscrición será de **UN día** natural.

A participación no concurso supón a enteira aceptación das presentes bases e condicións, así como a submisión expresa dos participantes ás decisións interpretativas que das mesmas efectúe a Organización.

### 3. DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

A selección dos/das premiados/as do concurso levarase a cabo a través das seguintes fases:

#### - **Fase previa**

A Organización levará a cabo a selección previa dos grupos ou solistas participantes. Para elo, poderá, con total discreción e en calquera momento, rexeitar a inscrición ou excluír a calquera participante do concurso, por algunha das seguintes causas: cando non cumpriran cos requisitos mínimos esixidos, cando tiveran proporcionado datos falsos e/ou erróneos, cando por calquera motivo a súa intervención non fora a apropiada ou axeitada ou por resultar o tema interpretado ofensivo no seu sentido máis amplo.

Todos os temas estarán sometidos ao control por parte da Organización antes de ser audibles na Plataforma. A este respecto, a Organización resérvase o dereito de non subir os temas presentados que, polo seu contido, poidan ser ofensivos contra a política da Organización e/o a moral pública en xeral, así como manifestamente copias dunha obra propiedade de terceiros.

- **Fase de preselección de finalistas**

Posteriormente, un Xurado profesional elixirá por sistema de votación maioritaria, entre todos/as os/as participantes, aos/ás tres (3) finalistas para participar na fase de audición final. Ademais, o xurado elaborará unha lista de suplentes, no caso de que os/as finalistas non poidan atender ás obrigas derivadas.

O resultado da votación recollerase nunha Acta, e será publicado o día **1 de agosto de 2024** na web do programa.

- **Fase de audición final: selección de gañadores/as**

A selección de gañadores/as levarase a cabo a través **dunha audición que terá lugar no marco do *Festival de la Luz*, entre os días 24 e 25 de agosto do 2024, tendo o **Espazo Mans** como escenario**, ao que concorrerán os/as tres (3) finalistas.

Cada un dos grupos/artistas que acudan á audición recibirá, en concepto de compensación dos gastos de desprazamento, a cantidade de cen euros (100€). Dita cantidade será aboada con posterioridade á celebración da audición.

Os/as finalistas deberán interpretar ante un Xurado profesional o tema musical presentado ao concurso, así como outros temas de composición propia, ata completar os 15 minutos de actuación.

Trala audición de cada un dos/as finalistas, o Xurado será o encargado de valorar as actuacións e seleccionar ao/á solista ou grupo gañador final, por sistema de votación maioritaria.

O resultado da selección dos/as gañadores/as recollerase nunha Acta, e será obxecto de publicación oficial na web do programa.

#### 4. PREMIOS

Nesta audición seleccionarase a un (1) gañador/a.

O primeiro premio dará dereito á **gravación, mestura e masterización dun EP** de duración máxima de 20 minutos (ou 4 temas) e á gravación dun vídeo promocional nos Estudios Mans, na Coruña. Ademais, o gañador/a poderá **tocar nunha sala de recoñecido prestixio dentro da comunidade autónoma de Galicia** antes de que finalice o ano 2024.

Tamén se darán un segundo e terceiro premio, que darán dereito á gravación, mestura e masterización dun *single* de duración máxima de 5 minutos e á gravación dun vídeo promocional en falso directo nos Estudios Mans na Coruña.

A gravación do primeiro premiado terá unha duración máxima de tres xornadas de 8h cada unha. A gravación do segundo e terceiro premiado terá unha duración máxima de dúas xornadas de 8 horas cada unha (en xornadas continuas de mañá e tarde ou en xornadas partidas de tarde continuando na mañá seguinte).

As datas da gravación determinaranse entre os/as gañadores/as e Estudios Mans, dependendo da dispoñibilidade no Estudio, pero sempre **nos 6 meses seguintes a obter o premio.**

A gravación estará suxeita ás seguintes condicións:

- Os temas a gravar deberán ser orixinais en letra e música, rexeitando a gravación de versións.
- A formación do grupo deberá ser a mesma que se presente á audición, non sendo posible engadir novos músicos/as ou substituílos para a gravación.

As dietas e custos de desprazamento ao estudo de gravación, deberán ser asumidos polos/as gañadores/as.

Na dotación do premio non se inclúen as taxas ou canons que correspondan pola tramitación dos dereitos dos temas a gravar, e en particular, os relativos aos dereitos de autor ou calquera outro percibido pola gravación. De existir estes gastos deberán ser asumidos polos/as gañadores/as.

Así mesmo, tal e como se explicará máis adiante, para o caso de que calquera dos/das finalistas ou gañadores/as desistisen do premio, ou se por calquera motivo non puidese chegar a facerse efectivo o premio, existirá unha listaxe de suplentes, seleccionada polo xurado, en orde de preferencia, que operará nos casos descritos de desistencia ou imposibilidade de realización do premio.

Na concesión dos premios deberá terse en conta a lexislación vixente en materia tributaria.

## 5. XURADO

O Xurado estará integrado por profesionais de recoñecido prestixio no ámbito do sector musical, ademais dun membro da Organización, que actuará de Secretario con voz pero sen voto. Un dos membros será designado presidente/a, e o seu voto será dirimente no caso de empate nas puntuacións.

Os nomes dos/as integrantes do xurado e a persoa que actuará como presidente do mesmo faranse públicos os días previos á fase de preselección na páxina web <https://salas.sonidosmans.com>

De cara á selección dos/as gañadores/as, o Xurado reunirse en privado ao finalizar todas as actuacións. As súas deliberacións serán secretas e deberán recollese nunha acta, subscrita polo Secretario/a co visto bo do/a Presidente/a.

Ademais da selección dos/das premiados/as, o Xurado elaborará unha listaxe de suplentes, en orde de preferencia, para o caso anteriormente citado de que existira desistencia por parte dalgún dos/das gañadores/as ou imposibilidade sobrevida de realización da gravación.

## 6. ENTREGA DOS PREMIOS

O resultado final do concurso determinarase unha vez finalizadas as actuacións, e será comunicado o mesmo día no lugar de celebración da audición.

Posteriormente, comunicarase directamente as/os gañadores/as por teléfono, así como por correo electrónico a calquera das contas comunicadas polos/as participantes.

Será condición necesaria para a obtención dos premios que os/as gañadores/as acepten expresamente a recepción do premio en resposta á chamada telefónica que se efectúe ao efecto, e así o ratifique posteriormente por escrito, mediante a remisión dunha declaración de aceptación do premio.

Se a notificación as/os premiados/as fose rexeitada por teléfono ou, no caso de envío por correo electrónico, devolta por tratarse dunha conta de correo electrónico non válida, este será descualificado/a.



Se calquera dos/as gañadores/as desistise do premio ou da gravación correspondente, os/as suplentes pasaría a ocupar o seu posto, e así sucesivamente ata cubrir todos os premios.

## 7. DEREITOS DE AUTOR

Co seu rexistro como participante, o/a solista e/ou grupo acepta e declara que a maqueta presentada é unha obra orixinal non editada previamente, e afirma ser titular dos dereitos de autor ou posuír a autorización dos titulares para a comunicación pública na actuación musical e a súa reprodución, comunicación pública e distribución mediante a gravación, no seu caso, dun *single*/EP conforme ás bases da convocatoria.

A Organización poderá esixir aos participantes a entrega dun xustificante e dunha declaración de propiedade intelectual sobre os temas a interpretar en calquera momento e, en calquera caso, antes da aceptación do premio.

Así mesmo, o/a solista ou grupo coñece e acepta que a súa participación no concurso supón a súa autorización e cesión gratuíta á Organización dos dereitos de autor que, no seu caso, lle correspondería polo tema presentado e os que se inclúan na súa audición, pola gravación do *single*/ EP ou na actuación en directo na sala de concertos.

## 8. RÉXIME DE RESPONSABILIDADE

A Organización non se fai responsable dos danos e prexuízos derivados do suposto en que unha canción non sexa inédita e se xeren reclamacións por dita divulgación, sendo unicamente responsable a persoa baixo cuxo nome se divulgue.

A Organización non se fai responsable das perdas ou irregularidades que poidan producirse no envío da información, ocasionados por interferencias na comunicación ou por calquera outro erro e omisión derivados de problemas nas telecomunicacións, ou calquera outra causa non imputable á Organización.

Así mesmo, a Organización non se fai responsable dos danos e prexuízos de calquera natureza que poidan deberse á falta temporal de dispoñibilidade do sistema de inscrición no concurso, nin dos danos e prexuízos que poidan deberse a que o concurso non responda ás expectativas que o/a participante depositase no mesmo.

## 9. PROTECCIÓN DE DATOS

Os/As participantes que resulten premiados/as aceptan e autorizan a que os seus nomes e premios obtidos poidan aparecer mencionados na páxina web da entidade organizadora, na do Programa de actividades culturais da Deputación Provincial da Coruña ou en calquera outro soporte comercial, publicitario ou medio de comunicación que poida utilizarse a fin de informar e facer público o resultado da convocatoria. Ademais, os/as gañadores/as dos premios, ao recibilos e aceptalos, comprométense, no caso de que así fora requirido pola Organización, a ceder e facilitar unha imaxe persoal e/ou que se lles realice unha ou varias fotografías co fin único de dar publicidade ao citado Programa. Así mesmo, a Organización resérvase o dereito á difusión das gravacións realizadas, sempre e cando estea vinculado á difusión do Programa.

Informase ós/ás participantes que os datos persoais obtidos no marco da presente convocatoria serán tratados pola Fundación Paideia Galiza consonte á normativa de protección de datos e, particularmente, consonte ao disposto no Regulamento UE 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril.

Os datos serán tratados para a xestión administrativa e comercial da convocatoria,

durante o tempo que dure a relación establecida coa entidade ou ata que os/as participantes, no seu caso, exerciten os seus dereitos de baixa ou supresión.

Como usuarios/as, poderán exercitar en calquera momento de maneira gratuíta os dereitos de acceso, rectificación ou supresión, limitación do seu tratamento, oposición ao mesmo, así como a portabilidade dos seus datos, dirixíndose á Fundación Paideia Galiza, coa referencia “Programa SONIDOS MANS SALAS 2024” (CIF G-15798655, con domicilio na Praza de María Pita, 17, 15001 A Coruña, teléfono 981 22 39 27, número de fax 981 22 46 59 e correo electrónico [protecciondedatos@manspaideia.com](mailto:protecciondedatos@manspaideia.com)).

## 10. OUTROS

A Organización resérvase o dereito a modificar as bases do concurso en calquera momento, incluso poderá chegar a anulalo ou deixalo sen efecto sempre que concorra causa xustificada, comprometéndose en todo caso a publicalo pola mesma vía que esta convocatoria

Faise constar expresamente que o premio establecido nestas bases consistente na gravación do EP ou un *single*, supón unha cesión de carácter gratuíta, quedando á enteira disposición dos/as gañadores/as dende a súa recepción, que poderán dispoñer do mesmo como queiran. Os Estudios Mans, ou a súa titular, a Fundación Paideia Galiza, non asumen ningunha responsabilidade derivada do seu uso posterior, téndose limitado unicamente a facilitar os medios e espazos necesarios para levar a cabo a gravación.

Así mesmo, a Organización non asumirá ningún tipo de gasto adicional que os estritamente derivados do premio que se concede nos termos recollidos nestas bases.

